



**Actividade** Convocatoria sesión ordinaria Pleno

**Número expediente** PLN/2026/02

**PLN/2026/02- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.**

Sendo as oito horas e dezaséis minutos do seis de febreiro do ano dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, reúnese o Pleno aos efectos de celebrar a sesión extraordinaria urxente, baixo a presidencia do Alcalde, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, contando coa presenza dos seguintes concelleiros/as:

<b>Cadro de asistencia</b>	
<b>Concelleiro/a</b>	<b>Asistencia</b>
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Begoña María Gómez Díaz	Asiste
Patricia Ruíz de Azcárate Casteleiro	Asiste
Evaristo Deus Deus	Asiste
Verónica Fernández Varela	Asiste
Javier Cartelle Cudilleiro	Asiste
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste
María Dolores González Lorenzo	Non asiste
Iván Martínez González	Asiste

Actúa como secretaria a titular do posto de secretaria xeral, Dna. Paula E. Ramos Díaz.

Coa presenza da titular do posto de intervención , Ana María Gómez Peña.



Déixase constancia de que para os efectos do cumprimento do deber de publicidade activa e de conformidade co establecido no artigo 5.3º da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a acta reflicte as operacións de disociación de datos de natureza persoais necesarias así como as impostas polo artigo 51 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

O Alcalde excusa a presenza da concelleira Dolores González Lorenzo por motivos profesionais.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1º.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO CARÁCTER URXENTE DA CONVOCATORIA.

Inicia o exame deste punto da orde do día o **Alcalde** xustificando a urxencia da convocatoria e de cada un dos puntos nela incluídos para poder solicitar a participación do Concello no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026” e no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 3/2026” así como rendir a Conta Xeral relativa ao exercizo 2024, para os efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 79 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de Organización, Fincionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e correlativo do ROM.

Engade que existiron problemas cun dos proxectos de lastraron os tempos de tramitación máis que se adoptarán medidas para mellorar o procedemento no seu conxunto no vindeiro POS+2027.

Toma a palabra o concelleiro **José Ángel Martínez Bardanca**. Sinala que comprende o prazo perentorio do POS+2026 máis descoñece por qué debe someterse deste xeiro á consideración do Pleno o expediente da Conta Xeral exercicio 2024.

O **Alcalde** resposta que a finalidade e acortar os tempos de xeito que se poda certificar ou informar sobre o cumprimento da rendeción cara a petición de axudas.

Sometida a votación ordinaria acádase o seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(1)
Sentido do voto	A favor	A favor	A favor	A favor

En atención ao resultado acadado, o Pleno presta aprobación á ratificación da urxencia de todos e cada un dos puntos da orde do día.

### 2º.- FACENDA.- EXPEDIENTE 248/2025. CONTA XERAL 2024.- Expediente previamente elevado á consideración da Comisión Especial de Contas.

Con data 13 de xaneiro de 2026 publicouse no BOP da Coruña n.º 7 anuncio comprensivo da realización do trámite de exposición pública da Conta Xeral correspondente ao exercicio



2024 por un prazo de quince días hábiles, dando cumprimento ao indicado no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se prestou aprobación ao texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O anuncio estivo exposto no taboleiro de edictos do concello e no taboleiro de a anuncios da sede electrónica no periodo comprendido entre o 14 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2026.

Conforme ao informe emitido pola empregada pública responsable do Rexistro Xeral de data 4 de febreiro de 2026, durante o devandito periodo, non se presentou alegación ningunha.

<b>Primeira quenda de intervencións</b>	
<b>Grupo PP</b>	Inicia o exame deste punto da orde do día o Alcalde, reiterando a necesidade de culminar a súa tramitación para poder optar e participar nas convocatorias de axudas públicas.
<b>Grupo PSdeG-PSOE</b>	Toma a palabra o Portavoz do grupo. Adianta a abstención dos eu grupo non por que existan problemas de orde formal, se non que os datos poñen de relevancia a mala xestión do Goberno Local (dedicación parcial Alcaldía; ausencia de planificación; de plan económico-financieiro; de inversión...).
<b>Grupo BNG</b>	Intervén a Portavoz do grupo sinalando que se absterán na votación non por razóns para votar en contra polos mesmos argumentos aducidos polo grupo Grupo PSdeG-PSOE, se non por que se trata dun trámite formal. Destaca que da información que obra no expediente se desprende o aumento da débeda nun solo ano en 1,6 millón de euros; a perda de subvencións ou entre outros exemplos que cita, a falta de execución orzamentaria por encima do 41%.

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

<b>Grupo municipal</b>	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(1)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO-** Aprobar a **CONTA XERAL** desta Entidade, correspondente ao **exercicio 2024**, nos propios termos en que aparece rendida, e co seguinte resumo nas principais magnitudes patrimoniais e económico-financeiras:

**Balance de situación a 31.12.2024: Total Activo= Pasivo e 25.426.165,68 €**



### Patrimonio Neto

Conta do Resultado Económico-patrimonial: Desaforro	-23.876,31 €
Estado de cambios patrimonio neto.Patrimonio a 31.12.2024	20.798.780,53 €
<b>Resultado Orzamentario axustado</b>	<b>808.198,50 €</b>
Inmovilizado material: Saldo Final a 31.12.2024	22.523.701,97 €
Tesourería: Saldo Final a 31.12.2024	806.616,78 €
<b>Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais</b>	<b>14.793,65 €</b>
<b>Acredores por operacións devengadas</b>	<b>1.981.418,69 €</b>

**SEGUNDO.-** Que o expediente da Conta Xeral se expoña ao público, en unión dos seus xustificantes e co previo ditame da Comisión Informativa Especial de Contas , polo prazo de quince días hábiles, previa publicación do correspondente anuncio no B.O.P., a fin de que poida ser examinado durante dito prazo e formularse polos interesados as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes durante o mesmo, conforme ao disposto no artigo 212.3 do TRLRF.

**TERCEIRO.-** Que unha vez rematado o prazo de información pública e o sinalado para formular reclamacións, reparos e observacións, sométase dita Conta Xeral á aprobación do Pleno da Corporación en unión das reclamacións, reparos e observacións debidamente informadas por la Comisión Informativa de Contas e Facenda, si se presentaran.

**CUARTO.-** Que, previa aprobación da mesma polo Pleno da Corporación, o expediente da Conta Xeral se renda ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas en cumprimento do disposto no artigo 212.5 do TRLRF.

**2º.- SECRETARÍA.- EXPEDIENTE 2543/2025. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2026. .-** Expediente sometido previamente á consideración da CIP de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs en sesión extraordinaria urxente realizada con data 6 de febrero de 2026.

Primeira quenda de intervencións	
Grupo PP	O Alcalde presenta o punto e resume as características das obras a incluír no Plan. Destaca ademais que se trata de obras consensuadas e propostas pola implicación dos grupos da oposición. O que agradece.
Grupo PSdG-PSOE	Toma a palabra o Portavoz do grupo. Critica que se propoñan obras que poderían ter encaixe noutras convocatorias de axudas de xeito que o POS se puidese reservar para outro tipo de inversións máis relevantes para o concello. Ao que une a demora na tramitación o que arrastra á documentación que se presenta que despois debe ser corrixida e en ocasións xenera a renuncia ás inversións. Demostrando ser unha práctica ineficiente. Polo que o seu grupo absterase na votación polas formas na tramitación.
Grupo PP	Intervén novamente o Alcalde. Rexeita as críticas realizadas por que aínda que se trate



	de obras non complexas como as pavimentacións, son necesarias e ademais solicitadas polos grupos da oposición e consensuadas cos mesmos en Comisión Informativa. Respecto aa ausencia de prazo para efectuar melloras ou achegas ao proxecto, o seu contido en función do seu obxecto, é técnico. Optándose por obras cun prazo curto de execución para poder absorver os tempos das obras que levan máis retraso. En canto ás subvencións non solicitadas para este tipo de obras, roga que o portavoz do grupo PSdG-PSOE presente por rexistro unha listaxe das posibles convocatorias.
<b>Grupo BNG</b>	Toma a palabra o Portavoz do grupo. Adianta e explica o voto a favor do seu grupo por canto a proposta contempla un proxecto presentado polo BNG. Máis indica que se se fixesen as cousas con tempo, a urxencia da sesión sería evitable.

<b>Segunda de intervencións</b>	
<b>Grupo PSdG-PSOE</b>	Toma a palabra o Portavoz do grupo. Se ben as eleccións dos proxectos se fixo con tempo suficiente non así a súa presentación e tramitación. E cita entre outras posibles a liña de axudas de AGADER e pon por exemplo as obras executadas polo Concello de Ares en convocatorias pasadas.
<b>Grupo PP</b>	O Alcalde resposta ao Portavoz que hai que estudar ben os requisitos de cada unha das convocatorias e preguntalle por que non o planexaron na Comisión Informativa.
Prodúcese un debate non que interveñen <b>diferentes concelleiros</b> e se cuestiona que se apliquen polo Presidente as mesmas regras de participación para todos /as concelleiros/as fóra dos turnos solicitados así como o falado na CIP de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior con motivo da elección dos proxectos para o POS 2026.	
<b>Grupo PP</b>	Intervén o concelleiro Jorge M. Kuntz Peiteado para lembrar que as Bases de Deputación poñen topes ás achegas.
<b>Grupo BNG</b>	Toma a palabra o concelleiro Evaristo Deus Deus. Indica que na Comisión Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior tamén se falou de obras plurianuais.
<b>Grupo PP</b>	Toma a palabra o Alcalde para destacar que se fixeron propostas que non encaixaban por que non reunían os requisitos de obras completas.
Ábrese un <b>debate</b> entre o Alcalde e o Portavoz do Grupo PsdG-PSOE, con dúas chamadas á orde por parte do Presidente.	

Rematado o debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:



<b>Grupo municipal</b>	PP (5)	BNG (3)	PSdG-PSOE (3)	EU (1)
<b>Sentido do voto</b>	A favor	A favor	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **ACORDO**:

1.- “Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2026”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á “achega provincial 2026” e con cargo á “achega provincial 2025”:

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2026:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2026 aplicada ao financiamento de gastos correntes	16.639,40 €
Achega provincial 2025 aplicada ao financiamento de gastos correntes	79.951,06 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>96.590,46 €</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2026</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>				
<b>Denominación da obra ou da subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>			<b>Orzamento total</b>
		<b>Achega municipal</b>	<b>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)</b>	<b>Total Concello</b>	
MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS VIAL DE LODAIRO A SESELLE	120.961,11 €	0,00 €		0,00 €	120.961,11 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2026</b>	<b>120.961,11 €</b>	<b>0,00 €</b>		<b>0,00 €</b>	<b>120.961,11 €</b>

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2025 (Investimentos financeiramente sostibles)</b>	<b>FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO</b>				
<b>Denominación da obra ou da subministración</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>			<b>Orzamento total</b>
		<b>Achega municipal</b>	<b>IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)</b>	<b>Total Concello</b>	
MELLORA DO FIRME CON M.B.Q NUN TRAMO DO CAMIÑO EN FRANZA DE ABAIXO -SAN VITORIO	65.988,87 €	0,00 €		0,00 €	65.988,87 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2025</b>	<b>65.988,87 €</b>	<b>0,00 €</b>		<b>0,00 €</b>	<b>65.988,87 €</b>

Cód. Validación: 410116YRKHNGZ726N15S033CX  
 Corrección: https://mchbarros.sedelectronica.gal  
 Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 de 9



Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**C) Resumo:**

POS+ 2026 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecementos de auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2026	16.639,40 €				16.639,40 €
	Achega 2025	79.951,06 €				79.951,06 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2026	120.961,11 €	0,00 €	-	0,00 €	120.961,11 €
	Achega 2025	65.988,87 €	0,00 €	-	0,00 €	65.988,87 €
C- TOTAL	Achega 2026	137.600,51 €	0,00 €	-	0,00 €	137.600,51 €
	Achega 2025	145.939,93 €	0,00 €	-	0,00 €	145.939,93 €
	TOTAL	283.540,44 €	0,00 €	-	0,00 €	283.540,44 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2026 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% da achega provincial 2026)	(A) Orzamento de contrata	(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)	(C) = A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)
MELLORA DE SERVICIOS E PAVIMENTACIÓN RÚA APELÓN ENTRE RÚA DO MERCADO E OS CORZÁS	204.966,01 €	3.785,86 €	201.180,15 €
<b>TOTAIS</b>	204.966,01 €	3.785,86 €	201.180,15 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+2026 Base, se a houbera, procedentes dos propios recursos presupostarios ordinarios do concello ou de ingresos procedentes de operacións de crédito con entidades financeiras.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.



6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

**2º.- SECRETARÍA. EXPEDIENTE 2543/2025. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 3/2026”.** - Expediente sometido previamente á consideración da CIP de Obras, Servizos, Medio Ambiente e TICs en sesión extraordinaria urxente realizada con data 6 de febreiro de 2026.

Abre o exame deste punto da orde do día o **Alcalde** dando conta do seu obxecto e pronunciamentos da proposta que se eleva á consideración do Pleno de 5 de febreiro de 2026.

Non formulándose debate e sometida a proposta a votación ordinaria, acádase ao seguinte resultado:

Grupo municipal	PP	BNG	PSdG-PSOE	EU
	(5)	(3)	(3)	(1)
Sentido do voto	A favor	Abstención	Abstención	Abstención

En atención ao resultado da votación, o Pleno en uso das facultades previstas no art. 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, adoptou o seguinte **ACORDO**:

1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ ADICIONAL 3/2026” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada ao obxecto que se indica a continuación:

**Financiamento de gastos correntes:  
(17 concellos indicados na base 14.3)**

Gastos correntes 2026	Asignación aplicada
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	50.036,55 €

2.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se



acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Non habendo máis asuntos que tratar o Alcalde levantou a sesión sendo as oito horas e corenta e seis minutos, estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe e que

conta cun soporte de grabación en video cuxa pegada dixital é:2bb473909e2aa143ce7c856c55f763f24f47db0e02fa21eec2

8fda406095226e15a213e8f10a1428a8c62ae8c82d6e15f1cb

f66c0d1adc78582df10304cf8ce2 , e sonora cuxa pexada dixital é

2bb473909e2aa143ce7c856c55f763f24f47db0e02fa21eec2

8fda406095226e15a213e8f10a1428a8c62ae8c82d6e15f1cb

f66c0d1adc78582df10304cf8ce2

Segundo certificado Cod. Validación: A3AEYXPC36HQS6XF24EQWWRDT de data seis de febreiro de dous mil vinte e seis.

Visto e prace

O Presidente

A secretaria

Juan Domingo de Deus Fonticoba

Paula E. Ramos Díaz

